

O GROVE

ANUNCIO

Sendo definitivo automaticamente o acordo de aprobación inicial do Regulamento orgánico do Concello, aprobado en sesión plenaria do 30-11-95, e dándolle cumprimento ao disposto no artigo 70.2 da Lei reguladora das bases de réxime local, faise público o texto íntegro do referido regulamento tal como foi aprobado:

PROXECTO DE REGULAMENTO ORGÁNICO DO CONCELLO DO GROVE

DISPOSICIÓN XERAIS

Artigo 1.—As entidades locais réxense en primeiro lugar pola Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e ademais, en canto a organización e funcionamento por:

- a) O regulamento orgánico municipal propio de cada entidade aprobado en virtude da potestade regulamentaria e de auto-organización outorgada polo art. 4, punto 1, apartado A) da LRBRL.
- b) Polas leis da comunidade autónoma sobre réxime local, que poderán establecer unha organización municipal complementaria que rexerá en cada municipio en todo aquilo que o seu regulamento orgánico non dispoña o contrario (art. 20.2 da LRBRL).

Artigo 2.—En virtude dos artigos anteriores, o Concello Pleno aproba, nos termos previstos na LRBRL, o presente regulamento orgánico, que entrará en vigor e rexerá no Concello do Grove, unha vez cumpridos os trámites seguintes:

- a) O presente regulamento así como o acordo da súa aprobación serán expostos ao público por un período de 30 días no taboleiro de anuncios da Casa do Concello, publicaranse no BOP e noutros medios a fin de lograr a súa máxima difusión para que os cidadáns poidan presentar as alegacións ou reparos que estimen oportunos.
- b) Transcorrido o período de información pública reunirse o Concello en Pleno co fin de resolver sobre as alegacións e aprobar definitivamente o texto do presente Regulamento co quórum esixido na LRBRL (maioría absoluta do número legal de concelleiros. Art. 47.3 a).

DO CONCELLO PLENO

Artigo 3.— Grupos municipais. Constitución: por cada lista electoral, poderase constituír un único grupo municipal. Tamén poderá constituírse o Grupo Municipal Mixto, regulándose todos eles de conformidade coas seguintes normas:

- a) O conxunto de concelleiros que compoñan unha lista electoral que obtivese un mínimo dun membro da corporación constituirase en grupo municipal.
- b) A constitución do grupo comunicáraselle ao alcalde mediante un escrito asinado polo concelleiro que encabece a súa correspondente lista, dándosele conta ao Pleno da corporación.
- c) Se durante o mandato corporativo un ou varios concelleiros renunciaren á súa integración no grupo municipal inicialmente constituído, non poderán formar novo grupo municipal, podendo integrarse noutro dos constituídos, logo da súa aceptación, ou no Grupo Municipal Mixto.

Artigo 4.— Os concelleiros que adquiren a súa condición con posterioridade á sesión constitutiva

da corporación deberán incorporarse ao grupo correspondente á lista pola que resultase elixido ou, de ser o caso, ao Grupo Mixto. No primeiro suposto disporán de un prazo de cinco días hábiles, a contar desde que tomen posesión do seu cargo, para acreditar a súa incorporación ao grupo que corresponda mediante un escrito dirixido ao alcalde e asinado así mesmo polo correspondente voceiro.

Se non se produce a súa integración na forma prevista no parágrafo anterior, integranse automaticamente no Grupo Mixto.

No caso de que o Grupo Mixto estea integrado por máis dun concelleiro, elixidos en distintas listas, poderá establecer unha quenda rotatoria para o desempeño da función de voceiro.

Artigo 5.— O Concello deberá poñer á disposición dos grupos municipais, locais e medios materiais e humanos suficientes para garantir o exercicio das súas funcións, sempre que exista dispoñibilidade destes.

Artigo 6.- Todos os grupos de concelleiros gozan de idénticos dereitos na forma e baixo as condicións previstas no presente regulamento:

- a) Todos os grupos municipais teñen dereito a estar presentes nos actos públicos de carácter municipal e institucional en función da súa representatividade no Concello.
- b) A todos os Grupos garantiráselles o acceso ás publicacións municipais e calquera outra forma de presenza institucional.

Artigo 7.-O debate e votación das mocións de censura ao alcalde axustaranse ás seguintes regras:

1.-A moción de censura débatese e vota en sesión extraordinaria convocada exclusivamente para efecto.

Entre a formalización da moción e a sesión extraordinaria non poden transcorrer máis de 30 días hábiles nin menos de sete.

A moción formalízase mediante un escrito dos seus promotores presentado na Secretaría xeral.

2.-A sesión extraordinaria comezará coa lectura, polo secretario, do escrito de formalización, que non poderá exceder de tres folios.

A continuación fará uso da palabra un dos concelleiros asinantes da moción, durante un tempo máximo de 15 minutos. Seguidamente intervirá, sen limitación de tempo, o candidato proposto na moción para o cargo de alcalde, para os efectos de expoñer o programa de actuación municipal que se propón levar a cabo. Acto seguido os grupos municipais que non subscribiron en canto tales a moción, incluído aquel ao que pertenza o alcalde, consumirán unha primeira quenda de 15 minutos cada un.

As seguintes intervencións non excederán de dez minutos.

O alcalde pode responder sen limitación de tempo a cada grupo individualmente tras cada intervención ou globalmente ao finalizar cada quenda.

Independentemente do anterior, o alcalde pecha o debate cunha intervención de ata quince minutos. Seguidamente efectuarase a votación, que será nominal.

3.-A acta da sesión enviaralla o secretario á Xunta Electoral correspondente no prazo de sete días hábiles.

Artigo 8.- Os asuntos quedarán sobre a mesa ata a próxima sesión, a petición do concelleiro que os

propoña.

CONSELLOS DE SECTOR

Artigo 9.- O Pleno do Concello poderá acordar o establecemento de consellos sectoriais, que terán a finalidade de canalizar a participación dos cidadáns e das súas asociacións nos asuntos municipais.

Os consellos sectoriais desenvolverán funcións de informe e, se é o caso, proposta, en relación coas iniciativas municipais relativas ao sector de actividade ao que corresponda cada consello.

Artigo 10.- Os consellos do sector estarán compostos por:

- a) O concelleiro delegado do servizo correspondente.
- b) Poderán participar as seguintes asociacións ou entidades en función da relación que garden co consello sectorial correspondente:
 - Asociación de veciños ou entidade afectada.
 - Entidades deportivas.
 - Asociacións ou organizacións xuvenís.
 - Asociacións de pais de alumnos.
 - Centros escolares, representando os profesores.
 - Centros escolares, representando os alumnos.
 - Asociacións culturais.
 - Centrais sindicais con implantación no municipio.
 - Asociacións empresariais con implantación no municipio.
 - Asociacións de profesionais (médicos etc.).
 - Un concelleiro de cada grupo político municipal¹.

Poderán participar outras asociacións que o soliciten de acordo coa súa incidencia no sector concreto e sempre que estean inscritas no REDIM.

En todo caso, estarase á norma concreta.

Artigo 11.- Son funcións dos consellos sectoriais:

- a) Informar ao Concello sobre os problemas específicos do sector.
- b) Propoñer solucións alternativas aos problemas máis concretos no sector, sendo de obrigada consideración e estudo polo Concello.
- c) Seguimento no cumprimento dos acordos adoptados polos órganos do Concello sobre as propostas do consello sectorial correspondente.
- d) Consulta previa ao consello sectorial por parte do Concello en todos os asuntos de transcendencia que lle afecten ao sector.
- e) Instar a unha información da xestión municipal de carácter público.

Artigo 12.- A composición, organización, ámbito de actuación e réxime de funcionamento dos consellos sectoriais serán establecidos no correspondente acordo plenario.

En todo caso, cada consello estará presidido polo concelleiro delegado, nomeado e separado libremente polo alcalde, que actuará como enlace entre o consello e o Concello.

¹ Este punto foi modificado por un acordo plenario aprobado o 29/04/1997. Orixinariamente figuraba así: "Un representante (non necesariamente concelleiro) de cada grupo político con representación na corporación."

Artigo 13.— Os consellos de sector serán presididos polo concelleiro delegado correspondente. Actuará como secretario un representante das entidades cidadás presentes nel. Para tal efecto establecerase unha quenda rotativa.

Artigo 14.— O secretario e o portavoz dos consellos de sector serán elixidos polo consello por período de un ano, de entre os representantes das entidades presentes neste, e será posible a súa reelección, ou establecerase unha quenda rotativa.

Artigo 15

1.- A orde do día das sesións plenarias dos consellos de sector fixarase o presidente de conformidade coas propostas presentadas polos voceiros das entidades ou de ser o caso polos grupos de traballo sendo estes os encargados de defendelas no seu consello.

2.— A orde do día será pública e comunicáraselles aos membros do Consello polo menos con catro días de antelación á data de celebración deste.

Artigo 16.- Os consellos de sector axustaranse no que se refire ao réxime de sesións, adopción de propostas etc. ás seguintes normas:

- a) Os consellos funcionarán en Pleno ou en comisión de traballo.
- b) O Consello reunirse en sesión plenaria polo menos unha vez ao mes e cando así o acorden os seus membros para o menor desenvolvemento do seu traballo.
- c) As comisións ou grupos de traballo constituiranse pola especialidade das materias, ou por razóns territoriais e reuniranse cantas veces o consideren necesario os seus compoñentes.
- d) Cada Comisión elixirá de entre os seus membros un portavoz por un prazo dun ano e será posible a súa reelección.
- e) As propostas das comisións ou grupos de traballo presentaráselle ao presidente do consello por medio do seu portavoz.

Artigo 17

1.- As propostas adoptaranse por maioría simple, tanto nos consellos como nas comisións.

2.- No caso de empate decidirá, despois dunha segunda votación de persistir este, o voto de calidade do presidente.

INFORMACIÓN E PARTICIPACIÓN CIDADÁ

Artigo 18.— O Concello comprométese a recoller as opinións e propostas dos veciños a través de:

- a) As canles de participación cidadá establecidos polo presente regulamento.
- b) Por medio das normais relacións coas entidades cidadás.
- c) A través das asembleas ou actos informativos que se convocarán cando se aproben planos de urbanismo, presupostos e outros temas de gran transcendencia e interese xeral.

Artigo 19.— O Concello do Grove favorecerá o desenvolvemento das asociacións para a defensa dos intereses xerais ou sectoriais dos veciños, facilitaralles a máis ampla información sobre as súas actividades e, dentro das súas posibilidades o uso dos medios públicos e o acceso ás axudas económicas para a realización das súas actividades e impulsar a súa participación na xestión da corporación.

Artigo 20.-A participación cidadá nos órganos de goberno:

1.— Cando algunha das asociacións ou entidades cidadá ás que se refire o artigo 72 da Lei 7/1985 desexe efectuar unha exposición perante o Pleno en relación con algún punto da orde do día, deberá dirixirlle un escrito ao alcalde cunha antelación de setenta e dúas horas do comezo da sesión.

2.— Coa autorización do alcalde, a asociación ou entidade, a través dun único representante, poderá expoñer o seu parecer, durante o tempo que lle sinale con antelación á lectura, debate e votación da proposta incluída na orde do día.

3.— O membro da asociación ou entidade que interveña no Pleno será o que legalmente a represente segundo os seus estatutos ou outro membro da xunta directiva nomeado expresamente para tal fin. En todo caso, deberase acreditar a representación ostentada.

4.— Rematada a sesión ordinaria do Pleno, o alcalde poderá abrir unha quenda de rogos e preguntas por medio dos representantes das asociacións, entidades cidadás ou persoas a nivel individual asistentes sobre temas concretos de interese municipal xeral.

5.— Para ordenar esta participación directa ante o Pleno da corporación, quen desexe intervir no quenda deberallo solicitar por escrito ao alcalde con 72 horas de antelación á da celebración da sesión.

6.— Con autorización do alcalde formularanse os rogos e preguntas perante o Pleno con brevidade, axustándose ao solicitado previamente por escrito.

7.— De tratarse dunha consulta de carácter informativo, será contestada por escrito nun prazo máximo de 30 días, sen prexuízo de que se poida dar unha resposta inmediata. Se se trata dunha proposta de actuación, o alcalde decidirá a consideración ou non do rogo e a tramitación que se lle teña que dar ao este, notificándolle esta resolución á asociación, entidade ou persoa que a formulou.

8.— O secretario notificaralle a autorización do alcalde ao representante da asociación, entidade cidadá ou persoa interesada en intervir na sesión plenaria.

9. - A través da Secretaría xeral do Concello daráselles resposta escrita ás preguntas formuladas e notificarase a resolución adoptada con relación aos rogos presentados ao Pleno.

Artigo 21.— Cando algunha entidade ou veciño vaia a intervir no Pleno, este poderá solicitar o acceso ao expediente sobre o que vaia a intervir e só poderá denegarse cando afecte a materias reservadas polas leis. A denegación deberá facerse mediante resolución razoada.

REXISTRO DE ENTIDADES

Artigo 22

1.— Todas as entidades legalmente constituídas que a súa área de actuación quede delimitada polo municipio do Grove ou parte deste, poden optar ou quedar incluídas no presente rexistro de entidades declaradas de interese público municipal.

2.— Baixo o termo de entidades quedan agrupadas as asociacións de veciños, asociacións xuvenís, centrais sindicais, asociacións empresariais e de servizos, e todas as entidades culturais, recreativas e deportivas que sexan democráticas, pluralistas e se caractericen pola defensa dos intereses xerais do municipio.

Artigo 23.- Todas as entidades que aspiren a inscribirse no citado rexistro terán que presentar:

- a) O censo de socios inscritos no momento da solicitude.
- b) Unha memoria das actividades que realiza.
- c) Copia dos estatutos vixentes.
- d) O acta da última asemblea xeral de socios na cal fose elixida a xunta vixente no día da inscrición, detallando os cargos e as persoas que a compoñen.

Artigo 24.- Quedan exentos de presentar os apartados b) Rexistro, as organizacións políticas e

sindicais e aquelas outras que polo seu carácter sexan parte integrante de organizacións recoñecidas tanto a nivel estatal coma da Comunidade Autónoma de Galicia.

O Concello só lles recoñecerá dereitos ás entidades que fosen inscritas no Rexistro municipal destinado para tal efecto.

Artigo 25.— O Concello resérvase a facultade de rexeitar a admisión no indicado rexistro a toda entidade que non garanta nos seus estatutos o seu funcionamento democrático e sen ánimo de lucro.

Artigo 26.— Mentres non sexan modificados os estatutos da entidade, cada ano considerárase renovada a súa inscrición. No caso de que haxa modificacións nos estatutos dunha entidade esta quedará obrigada a presentarlle os novos estatutos ao Concello, o cal decidirá de conformidade co artigo anterior.

O órgano municipal que resolverá sobre a admisión ou non dunha entidade será a Comisión de Goberno nun prazo de 15 días desde a solicitude.

Artigo 27.— En todo caso, para os efectos de que continúe a vixencia da inscrición, todas as entidades rexistradas no REDIM, terán que presentar no Concello a finais de cada ano e antes do 30 de xaneiro do ano seguinte, unha memoria das actividades e actos realizados no transcurso do ano, así como do número de socios no 31 de decembro, ao igual que as modificacións producidas na composición da xunta.

Artigo 28.— As entidades que figuren no REDIM, terán os seguintes dereitos recoñecidos:

- a) Ser beneficiarios dos convenios, subvencións e axudas (técnicas e económicas) que o Concello poida ofrecer para o desenvolvemento e potenciación das súas actividades.
- b) Participar nos consellos municipais dos sectores correspondentes e/ou nas comisións informativas que poida crear o Concello.
- c) Acollerse automaticamente aos dereitos de propostas, intervención e consulta.
- d) Ter acceso á utilización dos locais municipais de uso público para o desenvolvemento de todo tipo de actos e actividades programadas pola asociación.

Artigo 29.— Poderán ser obxecto de campañas especiais de información e consulta:

- a) As modificacións de ordenanzas fiscais.
- b) A elaboración dos presupostos municipais.
- c) Os programas de actuación do Concello.
- d) As decisións que afecten ao planeamento urbanístico.

Artigo 30.— No non previsto neste regulamento serán de aplicación supletoria as disposicións xerais sobre réxime local e as que no seu caso dite o Goberno da Comunidade Autónoma de Galicia.

DISPOSICIÓN ADICIONAIS

Primeira.— O Concello do Grove adoptará as medidas oportunas para a normalización do idioma galego na vida municipal, facilitando a formación dos funcionarios.

A este respecto toda a documentación, carteis informativos, bandos, sinalizacións da rede viaria etc., estará impresa en idioma galego.

Segunda.— Será requisito imprescindible para participar nos consellos sectoriais, aparte dos xa mencionados, que tanto os representantes como as entidades representadas manifesten consentimento

explícito a estas normas e a aquelas de réxime interno e funcionamento de que se doten os ditos organismos.

Terceira.— Para a resolución das cuestións non previstas ou dúbidas de interpretación que poidan xurdir na aplicación do presente regulamento, así como para a inclusión ou retirada no Rexistro de entidades, será a Comisión de Goberno a que resolva.

DISPOSICION FINAL

Transcorrido un ano de aplicación do presente regulamento, elaborárase unha análise de funcionamento de forma que se poida axustar máis á realidade e ás necesidades do municipio.

O Grove, 7 de febreiro de 1996. O alcalde, José Antonio Galiñanes Mascato.

(Publicado no BOP de Pontevedra o 07/03/1996)